

## **A viaxe continúa**

No ano 2005 celebrouse por primeira vez unha exposición do salón d'Automne de París (Grand Palais) en Sarria, grazas a Mr. Noël Coret que me deu o apoio e a consideración necesaria para iniciar esta aventura.

O alcance da súa visión internacional e a súa vontade de facer renacer o espírito da orixe de este salón histórico, permitiu unha apertura ó mundo exterior, facéndoo viaxar, levando a arte, e os seus artistas, os lugares onde é necesario que chegue a cultura e o intercambio intelectual, no sentido máis amplo do seu significado.

O arte naceu para estar no camiño, non para estar nas reservas. Dende Oriente a Occidente e do Norte o Sur, a historia deixounos a súa riqueza artística na itinerancia.

Sarria, que está nun de eses camiños históricos, recoñecidos pola Unesco e polo Consello de Europa, no camiño Francés, é agora punto de encontro de milleiros de persoas que son transmisores do arte actual. El viaxe continúa

En el año 2005 se celebró por primera vez una exposición del salón d'Automne de París (Grand Palais) en Sarria, gracias a Mr. Noël Coret que me dio el apoyo y la consideración necesaria para iniciar esta aventura.

El alcance de su visión internacional y su voluntad de hacer renacer el espíritu del origen de este salón histórico, permitió una apertura al mundo exterior, haciéndolo viajar, llevando el arte y sus artistas a los lugares donde es necesario que llegue la cultura y el intercambio intelectual, en el sentido mas amplio de su significado.

El arte nació para estar en el camino, no para estar en las reservas. Desde Oriente a Occidente y de Norte a Sur, la historia nos dejó su riqueza artística en la itinerancia.

Sarria, que está en uno de esos caminos históricos, reconocidos por la Unesco y por el Consejo de Europa, en el Camino Francés, es ahora punto de encuentro de miles de personas que son transmisores del arte actual.

Coa súa vontade, Noël. Coret, non só aportou un acto cultural illado, senón que ademais, con esa primeira exposición, deu forza para que fose concedido un Centro Unesco, enclavado na Galicia interior, en Sarria, etapa clave no Camiño Francés. Todo isto permitiu a vila, ser unha gran referencia no camiño e o noso logotipo está presente en moitos ámbitos do mundo plástico, literario, etc.

Noël invitounos a viaxar a Exipto, Siria, outros lugares de Francia e a máis espazos nos que él ten en reserva.

O centro Unesco de Sarria, quéreche dar as grazas, e tamén a Comisión do Salón d'Automne, pola súa visión da cultura e polo traballo que están a facer.

Este ano chegamos ó final do camiño, expoñendo en Santiago de Compostela. Acadamos un obxectivo, pero a viaxe continúa.

Con su voluntad, Noël. Coret, no sólo aportó un acto cultural aislado, sino que además, con esa primera exposición, dio fuerza para que fuese concedido un Centro UNESCO, enclavado en la Galicia interior, en Sarria, etapa clave en el Camino Francés. Todo esto permitió a la villa ser una gran referencia en el Camino y nuestro logotipo está presente en muchos ámbitos del mundo plástico, literario, etc.

Noël nos invitó a viajar a Egipto, Siria, otros lugares de Francia y a otros espacios que él tiene en reserva.

El Centro UNESCO de Sarria, te da las gracias, y también a Comisión del Salón d'Automne, por vuestra visión de la cultura y por el trabajo que estáis haciendo.

Este año llegamos al final del Camino, exponiendo en Santiago de Compostela. Alcanzamos un objetivo, pero el viaje continúa. José Díaz Fuentes

*Presidente del Centro Unesco de Sarria Comisario de la Exposición*